

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A CORUÑA Persoal

Anuncio resolución da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de condutor/a de Alcaldía.

### ANUNCIO

Por Resolución do Concelleiro delegado de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego (por delegación da Xunta de Goberno Local), de data 22 de marzo de 2023, resolveuse o seguinte:

**Primeiro.-** Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de condutor/a de Alcaldía (referencia 2183), aprobada por Resolución do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 14 de novembro de 2022, (publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, nº 219, de data 18/11/2022).

**Segundo.-** Adxudicar a don José Manuel Cereijo Garea o posto de traballo de condutor/a de Alcaldía (referencia 2183), xa que reúne os requisitos de participación (pertencer ao subgrupo C2, de administración especial), está en posesión do carné de conducir C e acredita formación específica e unha ampla traxectoria profesional como condutor, na que destacan os servizos prestados nos últimos anos baixo a dependencia dun órgano superior, nos termos referidos no apartado a-4 do art. 17.4 das Normas de Xestión da RPT, nos que a confidencialidade e a discreción son rasgos consustanciais, o que permite consideralo persoa idónea para o desempeño do posto, cuxas características, de conformidade coa Relación de Postos de Traballo vixente, se describen na seguinte táboa:

Servizo	Cd. U. Org.	Unidade Org.	Ref. Pto.	Pto. Traballo	Dot.	Gr.	N/C	Escala	RE	Req. Esp.	Element. Espec.	TP	FP	UE	Adm
Mobilidade Urbana	MU3000	Parque Mobil	2183	Condutor de Alcaldía	2	C2	14	AE	F	Carné C	FR05 ED TC	N	LD	S	AY

**Terceiro.-** O expresado nomeamento producirá efectos a partir da data de toma de posesión de posto de traballo obxecto da presente convocatoria.

O prazo para tomar posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia do persoal funcionario, ou dun mes se comporta cambio de residencia ou o reingreso ao servizo activo. Este prazo comezará a contarse desde o día seguinte ao do cesamento no anterior posto, que deberá efectuarse dentro dos 3 días hábiles seguintes ao da publicación da resolución do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación do nomeamento.

O persoal que non tome posesión do posto adxudicado dentro do prazo indicado, salvo causas de forza maior ou outras circunstancias graves debidamente xustificadas, será declarado decaído nos dereitos que lle puidesen corresponder.

**Cuarto.-** Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e notifíquese á persoa adxudicataria.

A Coruña, 24 de marzo de 2023.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D. (03/07/2019)

Manuel Ángel Jove Losada

Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

2023/2175